

# Iago Seara

A obra de Iago Seara pode enmarcarse nunha liña de renovación arquitectónica que arrinca dun coñecemento das achegas do Movemento Moderno. O labor construtivo do arquitecto está determinado polo estudo das componentes físicas, ambientais e culturais do contexto galego, no que desenvolve boa parte da súa obra. O respecto pola tradición e polo histórico como feito, xunto coa busca da identidade do autóctono na arquitectura, constitúen o seu modo de abordar o proxecto.

A súa trajectoria profesional amosa un interese polos conceptos de espazo e paisaxe, assumindo o lugar como unha síntese de formas e de contidos. A relación do home co espazo propicia unha reflexión arredor das ideas do autóctono e do valor histórico como feito, xa que o proxecto é abordado como parte da complexa engrenaxe histórica e social que o arquitecto entende como unha topografía cultural.

Iago Seara aborda a arquitectura como feito cultural nun sentido amplio, onde a relación co medio aparece como a clave que explica a súa linguaxe formal e expresiva. As características de localización xeográfica e ambiental das obras condicionan e potencian un traballo reflexivo na procura da integración dos proxectos no contorno natural. Este exercicio de relación e de diálogo permanente co medio baséase na elección coñizada dos materiais, no estudo da paisaxe e no xogo constante coa luz.


A súa linguaxe expresiva está baseada nunha estética dotada de claridade, sinxeleza e limpeza de espazos. A combinación de materiais tradicionais con outros de orixe industrial ten a súa razón de ser na funcionalidade e na procura de valores estéticos. Os materiais, os espazos e o medio topográfico do proxecto establecen, dese xeito, unhas relacóns en que o arquitecto dispón os elementos que condicionan unha coñizada continuidade entre obra e contorno.

As intervencións en edificios históricos comparten as premisas construtivas relativas a materiais, espazos e funcións, coa intención de realizar intervencións en que o respecto polo preexistente coexiste coa vocación estética. A mestizaxe de elementos xunto coa persoal formulación do deseño confírenlle a estas intervencións un carácter renovador no que o diálogo entre tradición e innovación establece un útil equilibrio.


A preocupación estética cobra en Iago Seara unha dimensión especial, a contaminación entre as artes plásticas e a arquitectura aparece no exercicio construtivo, dotado dese xeito dunha acusada intencionalidade poética. O proxecto concíbese como un compendio de posibilidades estéticas e experimentacións formais nas que os espazos, os volumes e a luz cobran valores innovadores. A luz natural, o diálogo entre masas e baleiros e os espazos ordenados definen o valor visual da composición e do deseño; a disposición do mobiliario, escadas, pasarelas e ventás responden a un coñizado traballo técnico e de modelaxe.

No seu conxunto, a obra de Iago Seara pode definirse como unha arquitectura humanizada que cobra o seu sentido ao ser vivida; unha arquitectura baseada en conceptos de habitabilidade, unha arquitectura para ser percorrida. A mestura equilibrada de tradición e modernidade, de elementos racionalistas e o referente do Movemento Moderno tinge a súa obra de componentes poéticas e plásticas; os seus edificios aparecen así como soporte dunha reflexión conceptual arredor da problemática dos valores culturais propios da arquitectura.


Iago Seara Morales (Ourense, 1948) obtivo o título de arquitecto na ETSA de Madrid (1979) e é profesor da ETSA da Coruña. Despois de exercer a súa actividade profesional na cidade de Ourense, na actualidade ten o seu estudio en Santiago de Compostela.



Tres vivendas unifamiliares para a familia Adolfo Domínguez. Moreiras, Ourense, 1980  
Three Single-family Houses for Adolfo Domínguez Family. Moreiras, Ourense, 1980




Reforma de local para a tenda de roupa de Adolfo Domínguez. Madrid, 1984  
Improvements for the Adolfo Domínguez Store. Madrid, 1984




Vivenda unifamiliar en Corrubedo. Ribeira, A Coruña, 1989  
Single-family house in Corrubedo. Ribeira, A Coruña, 1989




Rehabilitación da ala norte de San Martín Pinario. Santiago de Compostela, 1991  
Restoration of the North Wing of San Martín Pinario. Santiago de Compostela, 1991



Biblioteca e Centro de Documentación do Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1991  
Galician Parliament Library and Data Centre. Santiago de Compostela, 1991




Complejo Parroquial de Santo Antón de Padua. Santiago de Compostela, 1992  
San Antonio de Padua Parish Complex. Fontiñas, Santiago de Compostela, 1992



Nave industrial para confección de textiles de Antonio Pernas no Polígono de Sabón. Arteixo, A Coruña, 1992-1996  
Antonio Pernas dressmaking factory in Sabón Industrial Area. Arteixo, A Coruña, 1992-1996



Reforma de local para tenda de roupa de Antonio Pernas. A Coruña, 1993  
Improvements for the Antonio Pernas Store. A Coruña, 1993




Centro de Saúde en Combarro. Poio, Pontevedra, 1998  
Health centre in Combarro. Poio, Pontevedra, 1998



Reforma de local comercial para tenda de roupa de Antonio Pernas. Barcelona, 1998  
Improvements for the Antonio Pernas Store. Barcelona, 1998



Sede do CIS Madeira. San Cibrao das Viñas, Ourense, 1998  
CIS Madera Centre. San Cibrao das Viñas, Ourense, 1998



Rehabilitación da Casa do Legoeiro para oficina de turismo. Ponte Vella, Ourense, 1999  
Restoration of the Legoeiro House for Tourism Office. Ponte Vella, Ourense, 1999

The work of Iago Seara can be qualified as architectural renewal as he is aware of the contributions to the Modern Movement. The constructive work of the architect is defined by the study of the physical components, environmental and cultural Galician context, where he develops most of his work. His line is characterized by the respect to the tradition as a historic issue and the searching for Galician's own identity in the architecture.

As a professional architect, he is interested in the concepts of space and landscape, assuming the place as a synthesis of forms and contents. Since the project frames the composite connection among historical and social issues as cultural topography, the link between the human being and space shapes the ideas of own and historic facts.

Iago Seara assumes architecture as a culture issue, when the link with the environment appears like the key explanation for its expressive and formal language. His work represents geographic and environmental conditions and promotes an inner work involving the integration of the projects in a natural environment. Practicing continuously this dialog implies a thorough selection of the materials for the study of the landscape and for the regular light games.

This expressive language is based on an aesthetic function involving clearness, simplicity and clean spaces. The combination of traditional and industrial materials has a functional and aesthetic aim. The materials, the spaces and the topographic part of the project link the architect with the environmental elements involving a detailed connection with it.

The interventions in historic buildings show constructive principles concerning materials, spaces and functions, aiming at reflecting the respect to the existing structures in coherence with the aesthetic feature. The combination of elements with Iago Seara's own design provides these interventions with an open nature in which there is a perfect dialog between tradition and innovation.

Iago Seara's aesthetics acquires a special dimension when he combines the plastic arts and the architecture as a constructive exercise with a relevant poetic purpose. The project is conceived like a synthesis of static possibilities and formal testing with innovative values for the spaces, the volumes and the light. The natural light, the dialog between masses and empty spaces defines the visual value of the composition and its design; the distribution of furniture, stairs, runways and windows implies a thorough technical work and structure. Iago Seara's work can be defined like architecture with an important human component describing an active spirit, which aims at being inhabited as its main goal. The regular combination of rationalistic and modern elements from the tradition and the Modern Movement provides his work with poetic and plastic components. In fact, his buildings show an inner view on the own cultural values in architecture.

Iago Seara Morales (Ourense, 1948) graduated in Architectural Studies by the ETSA of Madrid (1979). He is a professor at the ETSA of A Coruña. After developing his professional career in the city of Ourense, he located his studio in Santiago de Compostela, where he keeps working nowadays.

**ARQUITECTOS GALEGOS** **GALICIAN ARCHITECTS**



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

SECCIÓN DE ARQUITECTURA